


GASTROSCOPIA



1 Que é?



É unha proba na que se pretende ver a parede do tracto dixestivo superior (esófago, estómago e duodeno). Serve para diagnosticar ou descartar distintas enfermidades



Realízase co paciente deitado e se o desexa ou a súa situación o recomenda, sedado

Para iso, a través da boca, introdúcese un tubo cunha cámara no extremo ata o estómago. No caso de que haxa que quitar algunha mostra ou lesión, faise a través do mesmo tubo



Non doe e en moitos casos a gastroscopia é unha exploración ben tolerada

2 Antes do día da súa gastroscopia

- Revise a documentación que lle facilitaron na consulta
- Revise e asine o Consentimento Informado, se non o fixo antes
- Se ten algunha medicación que non sabe se tomar ou non, consúlteo co seu Médico de Atención Primaria
- Realice unha dieta axeitada para a súa proba
- Busque a un acompañante para acudir ao hospital o día da proba. É posible que non poida conducir

3 Antes de chegar

Póñase roupa e calzado cómodo. Procure non traer xoias ou obxectos metálicos. Veña coas unllas sen pintar

Terá que achegarse á sala de recuperación / recepción de pacientes do Servizo de Dixestivo:

Hospital de Montecelo
Andar 0 - Sala de Espera 0

Procure chegar á cita un pouco antes da hora indicada ou avise por teléfono se vai chegar tarde ou non pode acudir (986 800 083)

Teña en conta que a hora da súa proba é orientativa


4 O día da súa gastroscopia

Á súa chegada	Dentro da sala de probas	Recuperación
Pediranlle que cambie a súa roupa por unha bata de hospital e que garde a súa roupa e pertenzas nun vestuario con chave	Persoal de enfermaría acompañaráo ata a sala na que se lle realizará a proba	Unha vez estea na sala de recuperación, disporá dun tempo para descansar
O persoal de enfermaría farálle preguntas sobre a súa medicación, enfermidades, alerxias, etc.	Poránlle, a través da vía, a medicación necesaria para a súa sedación, se así o require	Tomaránselle as constantes varias veces
Poránlle unha vía para pasar a medicación	Comezaráse coa proba. Se é necesario, retiraránlle as mostra durante a exploración	Cando se recupere, retiráraselle a vía e poderá vestirse
Agardará a ser chamado nun sillón ou nunha padiola	Trasladaráse de novo á sala de recuperación	Aportaránselle recomendacións a seguir unha vez estea no seu domicilio

5 Qué non debe facer nas vindeiras 12 horas

- manexar maquinaria pesada
- realizar traballos perigosos
- tomar decisións importantes
- conducir

6 É importante que manteña estas recomendacións



Acuda a urxencias se

- A cantidade de sangue que teñen as súas deposicións aumenta ou continúa os días posteriores á proba
- Tívese náuseas persistentes ou vómitos de repetición (con ou sen sangue)
- Tívese febre
- A dor acompañase doutros síntomas coma vómitos, mareo intenso ou dificultade para respirar
- Nas horas posteriores a dor fose intensa ou aumentase progresivamente